



# CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D · <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte núm.: 2022/E001/000032

## ANUNCIO Nº 1

**(Este anuncio substitúe e deixa sen efecto o publicado o día 12/03/2024)**

### **Convocatoria para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, de 1 praza de Profesor/a de Conservatorio, especialidade guitarra, do concello das Pontes de García Rodríguez (OEP-E 2022) estabilización do emprego temporal**

O órgano de selección do proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, de 1 praza de profesor/a de conservatorio, especialidade guitarra, do concello das Pontes de García Rodríguez (OEP-E 2022), nomeado mediante resolución núm. 339/2024, do 21 de febreiro, do concelleiro-delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos, adoptou na súa sesión do 11/03/2024 e de conformidade coa base 7 das bases xerais reguladoras dos procesos selectivos das prazas de persoal laboral incluídas na OEP-E 2022 (disp adic 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro (BOP A Coruña núm. 231 do 07/10/2022) e da base 6 das bases específicas para a cobertura de 1 praza de profesor/a de conservatorio, especialidade guitarra (BOP da Coruña núm. 241 do 22/12/2022), os seguintes acordos:

**Primeiro:** Efectuar a valoración da fase de concurso co seguinte resultado:

Aspirante	Experiencia profesional	Formación	Puntuación total
Varela Iglesias, Fernando	<b>30 puntos</b>	<b>20 puntos</b>	<b>50</b>
Santalices Blanco, Miguel Emilio	<b>3,91 puntos</b>	<b>20 puntos</b>	<b>23,91</b>
Sánchez Fernández, Felipe	<b>1,49 puntos</b>	<b>20 puntos</b>	<b>21,49</b>
Fandiño Prado, Manuel	<b>0 puntos</b>	<b>20 puntos</b>	<b>20</b>

**Segundo.-** Declarar APTO ao aspirante Fernando Varela Iglesias na acreditación do coñecemento da lingua galega no nivel esixido polas bases da convocatoria, o Celga 4

**Terceiro.-** Declarar exentos aos demais aspirantes da realización da proba de galego que establece a base sétima das bases específicas da convocatoria por ter acreditado que están en posesión do Celga 4.

**Cuarto.-** En virtude da base décima das bases xerais reguladoras dos procesos selectivos das prazas de persoal laboral incluídas na OEP-E (disp adic 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), concédese un prazo de **cinco (5) días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da valoración efectuada no taboleiro de anuncios electrónico do concello das Pontes, así coma na páxina web municipal, para a presentación das reclamacións que se estimen pertinentes.

Documento asinado pola secretaria do órgano de selección, María Roca Vázquez, na data da sinatura dixital.